

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión extraordinaria o 10 de abril de 2015, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación sobre o “*Proxecto de decreto polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros*”:

“ANTECEDENTES

A Axencia Turismo de Galicia remite o 18.03.2015 para o seu informe, o *Proxecto de decreto polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros*.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Competencia

Emítese este informe de conformidade co disposto nos artigos 7 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia e 6.1 a) do Decreto 149/2012, do 5 de xullo, polo que se regula o Consello do Turismo de Galicia, que establecen entre as funcións do Consello do Turismo de Galicia a de informar, con carácter previo á súa aprobación, sobre as disposicións regulamentarias que se diten en desenvolvemento da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia.

Este proxecto de decreto é unha norma regulamentaria que se dita en desenvolvemento da citada Lei de turismo de Galicia.

2. Marco xurídico

- Os artigos 148.1.18 da Constitución española e 27.21 do Estatuto de Autonomía de Galicia dispoñen que lle corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de promoción e ordenación do turismo dentro do seu ámbito territorial.

- En base ao citado título competencial apróbase a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, que regula no seu título IV “Da ordenación das empresas turísticas” os establecementos hoteleiros como empresas de aloxamento turístico.

A Lei 7/2011 define con carácter xeral, no seu artigo 56, os establecementos hoteleiros e os divide en dous grupos, Grupo I: hoteis e Grupo II: pensións.

Os artigos 57 a 62 definen e clasifican a estes tipos de aloxamentos remitíndose ao seu posterior desenvolvemento regulamentario en canto ao establecemento dos requisitos técnicos, condicións e servizos mínimos necesarios para acadar a súa clasificación.

Sobre a base desta habilitación normativa, o decreto agora examinado desenvolve a devandita lei autonómica e regula a actividade dos establecementos hoteleiros.

3. Observacións de mellora do texto

- Esixir no artigo 15.3 unha altura mínima de 1,80 metros, en lugar de 1,50 metros da redacción actual, de acordo co previsto no Decreto 29/2010, do 4 de marzo de 2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

- Engadir unha dispensa no artigo 46.1 co seguinte teor literal:

“A altura mínima esixida para o cómputo da superficie nas habitacións abufardadas, prevista no artigo 15.3, sempre que esta alcance 1,50 metros”.

- En relación ás pensións modificar a ratio de baño xeral por habitacións, prevista no artigo 35, de xeito que se esixa nas pensións de unha e dúas estrelas un baño xeral por cada tres habitacións, en lugar de por cada cinco. No caso das pensións de tres estrelas esixir baño en cada unha das habitacións, eliminándose os baños xerais.

Por todo o exposto, o Consello do Turismo de Galicia,

INFORMA

Favorablemente o *Proxecto de decreto polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros*, pola a súa adecuación á normativa sectorial vixente.”